BIOGRAFÍA DE RENER
MANIFESTO COW BOY

AS XANELAS DE A. Lamazares
CONTINENTAL

LUZES de Galiza

N.º 14-15 Inverno 1989-1990. 650 pts. (IVE incluido)

«CONTINENTAL» Xoán Piñón-89

¿DE QUÉ EUROPA FALAN?

(XAVIER ALCALÁ, ANTÓN BAAMONDE, XAN CASABELLA, JOAQUÍN F. LICEAGA, MARGARITA LEDO, XOAN LÓPEZ FACAL, MARÍA XOSÉ QUEIZÁN)

FACULTAD DE FILOLOGÍA
BIBLIOTECA
SANTIAGO

seja um pouco como a divindade, tanto frente ao outro como perante aquela mesma; mais nom é menos certo que, além disso, deve representar ao pailám, encarnar ao miserável e nom so onde o excelentíssimo senhor senom tamém perante os seus próprios olhos. E estou a pensar nos dous: o ricacho, o prohome, e o miserável, o hominho.

—Mestre, isso é porque um fala e o outro cala.

—Exceléncia, ja dixeras tal; nom entendo.

—Mestre, dixera si, mais antes tentara escuitar a prece e o siléncio que a envolve, atendendo ao seu divino destinatário; agora, tamém eu, estou a pensar neles.

—E cal é a novidade? Estamos em que existe umha radical afinidade entre eles...

—Si, Mestre, porque um fala e o outro cala. Exactamente porque um fala em chicano e o outro cala em pailám. Dessa língua cortada, que o um despreça porque fala em outra e o outro garda no peito com vergonha, nace a coincidéncia no olhar.

—Realmente agudo, Exceléncia. Compre porém matizar: Que um mostra despreço e que outro sente vergonha polo pailám é quiçais dizer muito, digamos melhor que um nega a língua pailana, simplemente porque nom a emprega, e o outro aceita ou mesmo promove essa negaçom, dado que nom a afirma pois tampouco a usa. Isto é o que os caracteriza: hai, por conseguinte, um acordo profundo, umha unidade fundamental entre eles.

—E, contodo, inestável o acordo e transitória a unidade.

—Certo, Exceléncia, certo.

V. AO DERRUBAR-SE OS MUROS

—Mestre, o que levamos matinado a propósito do apólogo devolveume às minhas consideraçons iniciais. Sei, creo entender, como o subdesenvolvimento, o caciquismo e o analfabetismo se combinam, misturam e organizam para resultar algo que nom é a pura miséria, o mero gregarismo, a ignorância bruta. Do lixo galego xorde a Galiza: se é algo, nom o é pola sua riqueza económica, nem por umha vontade política senom por um estigma cultural. Na política e na economia, os galegos pouca cousa tenhem e case nada som: se algo possuem, se algo parecem é porque falam umha língua própria. Mais a sua língua nom os define: marca-os. Daí que uns a neguem de feito, pois falam outra língua, e o resto a neguem de direito, pois calam e deixam aos outros o seu destino. O que fai dessa gente umha comunidade é a vergonha generalizada de ser diferentes, o rejeitamento compartido de si próprios.

—Em consecuéncia, a comunidade instituida trabalha, paradoxalmente, na destruiçom dos seus alicerces. A sua esséncia negativa (nom ser pailám, nom falar pailám) repousa sobre umha existéncia, por isso mesmo, precária (que alguém fale pailám, que seja pailám). É umha associaçom conjuntural cuja esséncia cercea implacável a sua existéncia: para acadar a condiçom social, conseguir a plena cidadania, abranguer a humanidade integral, compre acceder à palavra e adoptar aquela que a ambos vincula: deixar de calar em pailám, romper a falar em chicano. Se considerarmos agora que eles som ja muito parecidos —ricos e poderosos e cultos..., som-no tanto o um como o outro— nom nos estranhará que aquel silente, tam negativamente marcado pola sua oculta fala, decida presto obviar tam ridícula distáncia, que a massa toda, que el exemplifica, paulatinamente e sem muito esforço, tam fácil é falar chicano para um pailám!, abandone a própria condiçom abjecta, a cidadania imperfeita, a humanidade esperpéntica.

—E com isso, Mestre, irá perdendo sentido a prece e mesmo razom de existir o santuário, até o dia em que ja nom caiba dizer aquelas palavras, ja nom se repita o rezo ritual: o edifício inteiro cairá por terra!

—Lembra, porém, que ja antes as portas estavam abertas e que desde sempre a passage era franca. Daquela, coincidirás, ao derrubar-se os muros, nom virá a desejadíssima intergraçom senom a diáspora, nom chegará o ansiado reconhecemento senom a ignominia...

—Mais eles, desamparados e emudecidos, devirám homes superiores, criaturas divinas como aquel que veneravam...

—Si, Exceléncia, e coma el trabalharám em outras capelas que, quem lho ia dizer!, nom so continuam em pe senom que contratam operários foráneos para melhorar os seus baseamentos, reforçar as paredes, cambiar a teitume... e ali entrar é muito difícil e sempre ao preço de abandonar todo.

—Mestre, umha cousa nom consideramos: Quem sairá pior parado pola dissoluçom da comunidade?

—Obviamente, o que desfruta da melhor parte. O máis prejudicado pola demoliçom do santuário, portanto, será aquel que no culto leva a voz cantante.

—Por aí ia eu tamém. E, conseguintemente, pergunto: presentindo o desastre, o grande prohome nom lançará, em correctíssimo chicano, esporádicas, frecuentes, contínuas declaraçons de amor ao pailám?... e nom intercalará mesmo palavras, expresssons, frases e inclusive parrafadas inteiras em pailám, isso si, devidamente normativizado, na sua pregária?

—Exceléncia, por favor nom me fagas rir.

—E, ainda máis, nom dirá, em datas sinaladas ou actos oficiais, loitando contra a vergonha e corado como umha mapoula, cousas como... cousas como... —um momento, um momento, conterei as gargalhadas—... cousas como esta: «Señor, anque deba come-lo caldo con el, ámbolos dous somos distintos, gracias por crearme semellante a ti...»

—Cala, cala, nom agüento máis, nom podo co riso.

LUZES DE GALIZA

14-15 1989-90

Edita
Ediciós do Castro

Domicilio
O Castro-Sada-A Coruña
Telef. 62 09 37

Dirección
Manuel Rivas

Consello de Redacción
Lino Braxe, Antón Baamonde
Mato Fondo, Xavier Seoane

Diseño gráfico
X. Vizoso

Imprime
Gráficas do Castro/Moret

Depósito Legal: C - 812- 1985

Corresponsais
Claudio Rodríguez Fer (Lugo)
Marcos Valcárcel (Ourense)
Xosé Luis Vázquez Montero (Santiago)
Xosé M.ª Alvarez Cáccamo (Vigo)
Margarita Ledo Andión (Barcelona)
Antón Patiño (Madrid)

IMAXE DO ESCRITOR (galego) NOS MEDIA

Margarita Ledo Andión

A presente comunicación resiste mal unha lectura pornográfica, unívoca, á espera de solucións, con desenlace fatal ou feliz, segundo a Norma. Acáeselle, porén, a suxerencia dun proceso inestábel e posíbel e tén como referentes os elementos que enumeramos:

— Paso da asimilación de imaxe de escritor igual a bombona de spray a un perfil desdibuxado, escritor sen contexto, sen fondo, sen universo cultural no histórico concreto.

— Apropiación, dende as Institucións, do campo semántico da creación cultural (V. limiares de catálogos editados polo Ente).

— Tendencia ao dominio dos códigos multinacionais, xa formalizados, que impoñen as organizacións informativas centrais e a consentirmos un papel de literato de consumo —conductista e autoritario— para o escolar, que vai reducindo o eido das novas expresións na escrita para a produción industrial ou o trunfo da Telenovela como organizadora do tempo cotián.

— Pasividade na iniciativa difusora coma se a Literatura rematara nas redes tradicionais de espallamento, coutando as suas implicacións certas en calisquer Medio para a expresión da creación cultural, singularmente en aqueles que poden transformar a produción simbólica (e vir a negar que 'O Corpiño' non é unha manifestación de Os Resentidos) e impoñer unha uniformización que prescinda do Autor e do Universo de Recepción.

—Exercicio do dereito á propia imaxe convertíndonos en suxetos activos na orixe da información cultural como proceso, e non como fito coxuntural acobillándose no localismo ou no favor dos Media. Entre as publicacións que estableceron o seu propio Modelo —fora das organizacións informativas dominantes— para a producción orixinal de información e expresión cultural, e procurando medios (irregulares) de financiación 'ad hoc' cóntase, como pioneira das publicacións de grupo dos oitenta. *ESCRITA*, editada pola AELG, cun precedente exemplar: os 4 números de *VIEIROS*, editada en México polos galegos opoñentes e que reasumira as propostas de solidaridade creativa do SEG, da Xeneración NOS, dos avangardistas do primeiro tercio do século, pasando do ámeto estreitamente 'literario' ao cultural, con intervención sobranceira dos creadores plásticos e da imaxe. Por outra banda, Galicia mantén un número significativo de cabeceiras de periodicidade dilatada, sectoriais, de grupo, de tendencias expresivas, que por orde cronolóxica abranxen, dende o 1983: *FESTA DA PALABRA SILENCIADA*, *ESCRITA*, *FOLLAS SECAS*, *TINTIMAN*, *LA NAVAL*, *LUZES DE GALIZA*, *PALABRA VIVA DA GALIZA*... Entre os proxectos (declaración de intencións) un ANUARIO TRICULTURAL, que segundo as conclusións do I Encontro de Escritores Galegos. Vascos e Cataláns (do que saira o 'Manifesto de Poblet, xunio 1984) editarían conxuntamente as tres Asociacións representadas e terían de financiar —presionaríase— as institucións autonómicas.

— Na producción de Medios radica un potencial de transformación e incidencia na realidade dos Media comerciais e públicos, é para a produción propia compre contemplar dous aspectos, desdramatizándoos: financiación e tecnoloxías de difusión.

IMAXE DO ESCRITOR (galego) NOS MEDIA

Un grupo de colegas —xornalistas— preguntábanlle, impostando a voce, ao director dunha editora: —¿A vostede gústalle a literatura galega?

E o interrogado respostou: —A min non me gusta a literatura galega. A min o que me gusta é a literatura europea, por exemplo Méndez Ferrín.

Evidentemente esta *boutade* de Luis Mariño non encaixaba na programación de resposta que predeterminan os Media. E non pasou. Para os Media, a literatura galega é un tema rutinario, ao que se recurre por calendario, un tema que se enmarca nas suas fórmulas de produción como 'fait divers'. Nen o xogo, nen o non-senso tan do noso imaxinario mitolóxico desordeado, nen o máis tribal tic comunicativo vai ser consentido como referente da creación cultural en Galicia cando se fai a traveso da escrita e se transmite no soporte Mass Media (forma de Institución Social).

¡Qué traballo —innecesario— poñérmonos, agora, a amosar fendeduras no cliché 'literatura galega ou vaca do país, raza rubia afectada de crónica tuberculose que tanto heroísmo supón tertempé! Quérese decir, para os Media, escritor galego é o escritor en español a chuchar da nosa barbarie doméstica e autoerótica para o *best*.

— ¿Con cal das duas doctrinas se identifica, a sí, o escritor galego? ¿Consinte a imaxe neoprovinciana que fornecen del os Media ou aposta nun seu retrato de contemporaneidade?

— ¿Cómo se gusta, a sí, o escritor galego?: Coa imaxe 'premio fin de curso' (sempre co mesmo xurado), ou ese breve de 10 líneas no que se advirte que na vila número mil do país as forzas locais précianse do seu concurso.

— ¿Coa imaxe cunqueirá, de creador-creedor, que fai a sua entrada na RAG cunha tipoloxía dos ananos gardatesouros, redimitíndose no seu último texto disfuncional 'Gracias por nacer nesta Nación, Galicia...', Cunqueiro que lle resposta a García-Bodaño, como acuse de recibo da concesión do Pedrón de Ouro: —Salvador, estádesme preparando un enterro de muito carallo.

Un enterro de muito carallo. Para o escritor galego nos Media.

Corte seco e devalo cara a ritualización doméstica do bon escritor. Para os Media, denantes, a Imaxe do Escritor galego era literal

Foto: **Santiago Mato**



Foto: Santiago Mato

imaxe de delincuente, escura, foto-atestado (V fotos nos arquivos). Ou de pobre de solemnidade, inmolándose na rareza da sua vocación marxinal, pobres de solemnidade-becados vitalicios da Fundación Barrié, Blanco-Amor, Anxel Fole, con 25.000 pesetas de pensión. Imaxe que de súpeto recíclase, dende as organizacións informativas, nunha imaxe post-mortem (post-murder), commemorativa, benzoada no alibí anisado do ano rosalián (1985), recordatorios de cabodano para preencher (usurpar) o silencio sobre o Escritor figura de contemporaneidade. Estaribel de homaxes nos que tamén compre selección. Ausensia, ao se cumpliren neste 86 os dez anos da sua morte, da estampiña de Otero Pedrayo. ¿Atinxen, as ordes goebelianas de silencio, tamén a don Ramón? E Goebels dictou 50.000 ordes de silencio. Mesmo na crítica profesoral, tamén a se esvaer, sustituidas por firmas espontáneas e gratuitas, dun novo comisario para quen o escritor galego é, de principio, un idiota incapaz de facer un serial para un lector idiota no que trunfa a Telenovela como organizadora do imaxinario ou a violencia.

IMAXE DO ESCRITOR (galego) NOS MEDIA

E é que, asemade, a carón e en conxunción do deterioro largo do suxeito Escritor/Escritora Galega nos Media, coinciden aspectos que teñen que ver coa produción informativa, co arquetipo dun novo lector que os Medios procuran e, tamén, coa ausencia do escritor dos ámetos de definición das Industrias Culturais.

Punto central, punto zero, na produción da información éo a inexistencia da rúbrica 'CULTURA' no corpo informativo xeral dos Medios que seguen a preferir unha organización territorial —agás para Deportes, Sucesos e, nalgún caso Economía—. Esta inexistencia xustificará a total ignorancia encol do Periodismo cultural e a neutralización das posibilidades de profesionais especializados na cobertura polivalente da Cultura como información. 'Cultura' é o ghetto dos suplementos, da axenda, dos comentaristas que non forman parte das Redaccións, dos fanatismos de balde. 'Cultura' é un escritor no paripé de pregoneiro de festas.

Punto central éo a dilación no artellamento do galego periodístico, o estudo e a práctica da linguaxe para os diferentes tratamentos e xéneros que a información comporta cando se ofrece por un Medio de Masas. A ninguén se lle oculta que non é o mesmo o galego periodístico para cubrir Deportes ou para valorar o Raid estadounidense sobre Trípoli.

Na configuración dun novo lector-tipo vemos a preocupación das organizacións informativas por se achegar ao lector-receptor xoven (entre os 15 e os 25 anos) frente ao que veu fallando por sobexo de institucionalidade, pola segmentación da oferte que lle é dirixida en rúbricas-ghetto (ollo!) cunha retórica que non fai parte da sua representación da realidade, porque é un sector que non se adire, por hábito, a un xornal, que lé comix, aprecia o sensíbel (cinema forte), resposta a estímulos audiovisuais. Sector escolar, que tentan penetrar asimesmo as editoras programando obra xuvenil de aventuras que o escritor, con urxencia, interpreta como afán de lectura fácil, condicionando a opción creativa do autor, cara a linealidade e a reprodución de clichés preexistentes, collidos como recetario riguroso de combinatoria de elementos rituais mais que coma préstamos, material de referencia ou proposta. Contraditoriamente, este suposto maior coñecemento da escrita literaria por parte dos mozos —que teñen, por primeira vez, mestres de galego reciclado— non acada interés para que se traduza, como información cultural, nos Media.

Verbo das Industrias Culturais, irrumpindo, topámonos diante dun risco de pasividade que interesa contrastar con certos feitos. O primeiro sería a ausencia dun forte sector privado, con tradición e equipos, nas tecnoloxías de difusión (cine, radio, tv, disco... satélite, cabo vídeo) e a asunción, por parte das Institucións en Europa, dunha serie de responsabilidades na Industria Cultural, prolongando a tradición da TV como servicio público, responsabilidades monopólicas, no caso galego (sen industria do cine, do disco, da obra gráfica) frente das que a inibición é un luxo.

O segundo sería a comprobación do incremento de consumo de produción cultural que, ao amparo da internacionalización da mesma, impón unha maneira de concebir os Media —incluida a Programación— tirada do Modelo anglo-saxón. Nesta situación a alternativa pasa por formular opcións sobre da produción simbólica a traveso da industria ou por aceptar o consumo rigurosamente codificado que nos chega —asegún o grau desigual de desenrolo das tecnoloxías de difusión polos Media.

Sen perdermos de vista que o Medio máis implantado, como incidencia é ainda a prensa, e na prensa, en Galicia, non somente descendeu o uso do idioma senón que se lle podería trasladar esta valoración que 'Sobre o Periodismo galego' facía, no 1928, Vicente Risco na revista portuense A AGUIA, valoración coa que refrenaba a importancia dun xornal dirixido por don Valentín Paz Andrade:

...A imprensa galega era unha imprensa provinciana e sen ideas de seu. Antón Villar Ponte refire o caso ridículo do Correo Gallego, do Ferrol, que falando un día de non sei que obra teatral, dixo que se abstiña de dar a sua opinión, ata que os colegas de Madrí houberan exposto a sua máis autorizada (...) GALICIA *(o xornal) crebou toda independencia intelectual, e ergueu un criterio propio, fundamentalmente galego. Igualou en presentazón e propasou en tirage...*

Outros tempos para os Media e para o escritor (galego) nos Media.